

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE AGOSTO DE 2024

PRESIDENTA:

A alcaldesa, María Dolores Pan Lesta

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Ramón Boga Moscoso
D. David López Saborido
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Raúl Varela Fraguío

NON ASISTEN:

D. Daniel Mallo Castro
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día seis de agosto do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Ramón Boga Moscoso, D. David López Saborido e D^a María Yolanda Díaz Baldomir e D. Raúl Varela Fraguío.

Non asisten e presentan escusa D. Daniel Mallo Castro e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretario o secretario accidental do Concello, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DO SEGUINTE ASUNTO A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 133.1 a) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

Na Resolución da Alcaldía núm. 955/2024, do día 6 de agosto, pola que se convoca esta Xunta de Goberno Local se sinala que:

“(…/…)”

A urxencia da convocatoria e do asunto vén motivada polas datas nas que nos atopamos e tendo en conta que o festival está previsto para o día 10 de agosto de 2024.

“(…/…)”

Sometida pola Presidencia a urxencia a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, aprobar a urxencia da convocatoria e do asunto incluído na orde do día.

2º.- ADXUDICACIÓN DO LOTE 1 SERVIZO DE ESPECTÁCULOS DE MÚSICA EN DIRECTO DE CINCO GRUPOS ARTÍSTICOS E ADXUDICACIÓN DO LOTE 2 SUBMINISTRACIÓN DOS ELEMENTOS E O PERSOAL NECESARIOS PARA A PRESTACIÓN DE TODOS OS SERVIZOS QUE REQUIERE A PRODUCCIÓN DO XXXII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2024



A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 6 de agosto de 2024 (CVD: 7RGa2gyqv1nu8kWNF2yu), que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente tramitado na plataforma TEdC co número 2024/C004/000010 relativo á contratación artística e produción do XXXII Festival Rock in Cambre 2024 cun orzamento base de licitación de 135.275,88 € (111.798,25 € sen IVE), dividido en 2 lotes:

- **Lote 1:** Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos (49.996,00 € sen IVE, 60.495,16 € IVE incluído)
- **Lote 2:** Subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival (61.802,25 € sen IVE, 74.780,72 1€ IVE incluído)

Visto que, en cada un dos lotes, presentaron oferta os seguintes licitadores:

- **Lote 1.** Total licitadores: 1.
 - ALBOROTO PRODUCCIONES S.L.
- **Lote 2.** Total licitadores: 2.
 - ALBOROTO PRODUCCIONES S.L.
 - TELECYL, SA

Vista a acta da sesión da mesa de contratación do día 05.07.2024 (CVD: 1eG9WgTqbF8Iz6C4Rb7+) na que, entre outras cousas, se valorou con 100 puntos a única proposición presentada ao lote 1 polo licitador “Alboroto Producciones, S.L.”, no prezo ofertado de 49.900,00 euros sen IVE (60.379,00 euros IVA incluído) e se lle requiriu para que no prazo de 7 días hábiles presentara a documentación á que se refire cláusula 17.1 do PCAP.

Vista a acta da mesa de contratación do do día 05.07.2024 (CVD: 1eG9WgTqbF8Iz6C4Rb7+) na que, entre outras cousas, se valoraron as dúas proposicións presentadas ao lote 2 coas puntuacións que se reflexan a continuación, resultando como mellor valorada a proposición do licitador “Telecycl, S.A.” no prezo ofertado de 56.945,00 euros sen IVE (68.903,45 euros IVE incluído) e se lle requiriu para que no prazo de 7 días hábiles presentara a documentación á que se refire cláusula 17.1 do PCAP.

| Licitador | Precio ofertado a la baja | Mejoras en la sonorización | | Puntuación total |
|-----------------------------|---------------------------|----------------------------|---------------------|------------------|
| | | Monitores suelo | Personal producción | |
| Alboroto Producciones, S.L. | 0,02 | 9,58 puntos | 41,42 puntos | 51,02 puntos |
| Telecycl, S.A. | 49 | 9,58 puntos | 41,42 puntos | 100 puntos |

Vista a documentación aportada polos licitadores mellor valorados nos lotes 1 e 2.

Visto o informe emitido polo coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude o día 19.07.2024 (CVD: FMVMGkEK9Daf4esmfBR) verbo de que o único licitador no lote 1 acredita a súa solvencia económica e financeira e técnica.

Visto o informe emitido polo coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude o día 19.07.2024 (CVD: Kkg0ca8y/gRpXawFuPtU) verbo de que o licitador mellor valorado no lote 2 acredita a súa solvencia económica e financeira; e respecto da solvencia técnica informa que “Tendo en conta as denominacións das 17 actividades para as que se realizaron os servizos acreditados, así como as descrições que constan nos xustificantes, non se pode considerar que os servizos acreditados sexan de igual ou similar natureza ao do obxecto do contrato”

Visto que o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación establece na cláusula 10.2.2 respecto da solvencia técnica da que deben dispor o licitadores: "Se considerarán servicios de igual o similar natureza, a efectos de acreditación del importe anterior, y de conformidad con lo establecido en el art. 90.1.a) de la LCSP, aquellos cuyos tres primeros dígitos de los códigos CPV sean "799", y vengan referidos a la organización de festivales o actuaciones artísticas".

Visto que o licitador mellor valorado do lote 2 "Telecyl S.A." Visto que o licitador mellor valorado do lote 2, "Telecyl S.A." aporta entre outros:

- Un certificado de prestación de servizos do Instituto Tecnológico Agrario da Xunta de Castela e León no que se acredita a realización dun evento no ano 2023 con código CPV 79952000-2, cun importe de 301.450,00 euros, incluído IVE 364.754,50 euros.
- Un certificado de prestación de servizos da Secretaría de Estado de digitalización e intelixencia artificial no que se acredita a realización do "Servicio de organización del evento 20 aniversario Red.es" do ano 2022 por importe de 52.450 euros, no que segundo a descripción aportada polo licitador inclúe entre outras actividades a montaxe e desmontaxe das infraestruturas necesarias, equipamento audiovisual e actuación musical.
- Un certificado de prestación de servizos del Ayuntamiento de Valladolid no que se acredita a realización dos "Servicios de gestión, producción y difusión online de eventos y contenidos audiovisuales para las 67ª y 68ª ediciones de SEMINCI (festival Internacional de Cine de Valladolid)" no ano 2022 por importe de 140.293,45 euros IVE incluído.

Visto o informe emitido polo secretario accidental o día 05.08.2024 (CVD: 9//+0ukP4Wm4J1foqQXo) no que, entre outras cousas, di:

"Quinta.- En vista do exposto, se o órgano de contratación decidise apartarse do acordo da Mesa de Contratación e adxudicar o contrato, debería en todo caso aplicar os criterios de valoración establecidos nos pregos, e motivar que a adxudicación se realiza aos licitadores que teñan realizado a oferta máis vantaxosa, previa a acreditación da solvencia económica, financeira e técnica das empresas licitantes.

A tal efecto debe terse en conta que con data 17 de xullo de 2024 (CVD: FMVMGkEKc9Daf4esmfBR) o coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude emitiu informe á documentación presentada pola entidade Alboroto Producciones S.L. para a acreditación da solvencia económica, financeira e técnica, para o Lote 1 da contratación do "servicio de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos" do XXXII Festival Rock in Cambre 2024.

Con data 19 de xullo de 2024 (CVD: Kkg0ca8y/gRpXawFuPtU) o coordinador da área Cultura, Deportes, Educación e Xuventude emitiu informe á documentación presentada pola entidade Telecyl S.A para a acreditación da solvencia económica, financeira e técnica, para o Lote 2 da contratación "suministro de los elementos y el personal necesarios para la prestación de todos los servicios que requiere la producción del festival", no que indica que "(...) En relación a súa solvencia técnica: Segundo o indicado no PCAP: "La solvencia técnica del empresario se acreditará mediante:

- *Una relación de los principales servicios o trabajos realizados de igual o similar natureza que los que constituyen el objeto del contrato en el curso de, como máximo los tres últimos años, en la que se indique el importe, la fecha y el destinatario, público o privado de los mismos, acreditados mediante certificados expedidos o visados por el órgano competente, (...)*

Se considerará que el licitador acreditó su solvencia técnica cuando el importe anual acumulado en el año de mayor ejecución sea igual o superior al 70 % del valor estimado del contrato (art. 90.2 LCSP). Se considerarán servicios de igual o similar natureza, a efectos de acreditación del importe anterior, y de conformidad con lo establecido en el art. 90.1.a) de la LCSP, aquellos cuyos tres primeros dígitos de los códigos CPV sean "799", y vengan referidos a la organización de festivales o actuaciones artísticas."

O valor estimado deste lote 2 é de 67.892,48€, sendo o 70% 47.524,74 €. O licitador presenta unha listaxe con 43 servizos realizados entre 2021 e 2023, dos que achega 17 xustificantes (anexo I).

Tendo en conta as denominacións das 17 actividades para as que se realizaron os servizos acreditados, así como as descrições que constan nos xustificantes, non se pode considerar que os servizos acreditados sexan de igual ou similar natureza ao do obxecto do contrato (...).

Así mesmo inórmase da necesidade de incorporar ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola intervención municipal.

Sexta.- Con todo, debe terse tamén en conta o disposto polo Art. 153.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014: "Sen prexuízo do establecido nos artigos 36.1 e 131.3 para os contratos menores, e no artigo 36.3 para os contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, e salvo que a tramitación do expediente de contratación sexa por emerxencia de acordo con o previsto no artigo 120, non poderá procederse á execución do contrato con carácter previo á súa formalización."

O día sinalado para a celebración do evento no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato é o 10 de agosto de 2024.

De acordo co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato, por atoparnos ante un contrato de servizos cun valor estimado de licitación superior a 100.000,00 euros, de conformidade co establecido no artigo 44 da LCSP, será susceptible de recurso potestativo especial en materia de contratación conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da LCSP.

Por tanto o prazo para a formalización do contrato é de 15 días a partir da adxudicación.

O obxecto do presente expediente non se atopa entre as excepcións sinaladas polo cal non podería procederse á execución do contrato con carácter previo á súa formalización.

CONCLUSIÓN: En vista do exposto, infórmase desfavorablemente a adxudicación da contratación artística e produción do XXXII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2024 (expediente TEdC 2024/C004/000010).

Visto o INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR CONTRATO ROCK IN CAMBRE. FASE D /2024 asinado pola interventora municipal o día 05.08.2024 (CVD: V+wtpHMXfb1Umo6Sgmv4) no que, entre outras cousas, di:

RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

[X] Fiscalizado **desfavorablemente** sen efectos suspensivos

- **X*.B:** o informe de secretaría á adxudicación é desfavorable.

[X] Fiscalizado **desfavorablemente CON efectos suspensivos** por aplicación do artigo 216.2.c TRLFL (omisión de requisitos e trámites esenciais):

- **X*.A:** tal e como advertín no meu informe referencia LMR CONTRATO ROCK IN CAMBRE. FASE D /2024, de 13.06.2024 (CVD: dfVrZI5YG+X4+g8AcaSs), **os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato.**
- **X*.C:** incumprimento do artigo 35.1.c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Mesa de Contratación na sesión celebrada o 05.07.2024 non aprobou, por tres votos en contra, a proposta de adxudicación dos Lotes 1 e 2 do contrato de «Contratación artística e produción do XXXII Festival Rock in Cambre 2024». De feito, a iniciativa para o requerimento de documentación aos licitadores partiu única e exclusivamente da Sra. Alcaldesa (CVD: 3aGMNonAfrxb3x++Nnoo (ALBOROTO PRODUCCIONES SL), CVD: slrS6IGj9tYNWpMXYLcj (TELECYL S.A). Se ben ao abeiro do art. 80.1 da Lei 39/2015 o ditame emitido pola mesa de contratación non é vinculante, o art. 35.1.c) do mesmo texto legal exige ao órgano de contratación que motive os actos que se separen do ditame de órganos consultivos. No expediente que se somete a fiscalización NON consta motivación algunha ao respecto polo que estase a vulnerar o artigo 35.1.c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Asemade, é desconcertante que a proposta de adxudicación asinada pola Sra. Alcaldesa o 05.08.2024 (CVD: NDA5Hs/zW7Z2AqiqqTD/) obvie, precisamente, o sentido do ditame da mesa de contratación e se pronuncie, unicamente, nos seguintes termos:

"(...)Vista a acta da sesión da mesa de contratación do día 05.07.2024 (CVD: 1eG9WgTqbF8lz6C4Rb7+) na que, entre outras cousas, se valorou con 100 puntos a única proposición presentada ao lote 1 polo licitador "Alboroto Producciones , S.L.", no prezo ofertado de 49.900,00 euros sen IVE (60.379,00 euros IVA incluído) e se lle requiriu para que no prazo de 7 días hábiles presentara a documentación á que se refire cláusula 17.1 do PCAP.

Vista a acta da mesa de contratación do do día 05.07.2024 (CVD: 1eG9WgTqbF8lz6C4Rb7+) na que, entre outras cousas, se valoraron as dúas proposicións presentadas ao lote 2 coas puntuacións que se reflexan a continuación, resultando como mellor valorada a proposición do licitador "Telecyl, S.A." no prezo ofertado de 56.945,00 euros sen IVA (68.903,45 euros IVA incluído) e se lle requiriu para que no prazo de 7 días hábiles presentara a documentación á que se refire cláusula 17.1 do PCAP(...)"

- **X*.D: incumprimento dos artigos 36, 37 e 153 da LCSP.** O expediente que se somete a fiscalización refírese a un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigo 44 LCSP) polo tanto, ao abeiro do artigo 153.3 LCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. A cláusula 9 PCA (CVD: SC1KI6crpOqn7Z1epbH9) define como prazo de execución o Sábado 10 de agosto de 2024 data na que, obviamente pola exixencia do artigo 153.3 LCSP, o contrato non vai a estar formalizado. A falta de formalización do contrato implica, ademáis, a vulneración do artigo 36 LCSP e, polo tanto, do artigo 37.1 LCSP o cal establece o carácter formal da contratación pública así como a prohibición da contratación verbal.

Os **reparos** emitidos **suspenden** a tramitación do expediente ata que, no caso de existir discrepancias, sexan **levantados** pola **alcaldía**, facultade **indelegable**, dacordo có procedemento regulado no artigo **15 do RD 424/2017, do 28 de abril**:

"1. Sin perjuicio del carácter suspensivo de los reparos en los términos previstos en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, las opiniones del órgano interventor respecto al cumplimiento de las normas no prevalecerán sobre las de los órganos de gestión. Los informes emitidos por ambos se tendrán en cuenta en el conocimiento de las discrepancias que se planteen, las cuales serán resueltas definitivamente por el Presidente de la Entidad Local o por el Pleno, de acuerdo con lo previsto en el artículo 217 y en el apartado 2 del artículo 218 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales y en los apartados siguientes de este artículo.

2. Cuando el órgano gestor no acepte el reparo formulado por el órgano interventor en el ejercicio de la función interventora planteará al Presidente de la Entidad Local una discrepancia.

No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, corresponderá al Pleno la resolución de las discrepancias cuando los reparos:

a) Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito.

b) Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia.

3. En el plazo de quince días desde la recepción del reparo, las discrepancias se plantearán al Presidente o al Pleno de la Corporación Local, según corresponda, y, en su caso, a través de los Presidentes o máximos responsables de los organismos autónomos locales, y organismos públicos en los que se realice la función interventora, para su inclusión obligatoria, y en un punto independiente, en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

La discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita de los preceptos legales en los que sustente su criterio.

Resuelta la discrepancia se podrá continuar con la tramitación del expediente, dejando constancia, en todo

caso, de la adecuación al criterio fijado en la resolución correspondiente o, en su caso, a la motivación para la no aplicación de los criterios establecidos por el órgano de control.

La resolución de la discrepancia por parte del Presidente o el Pleno será indelegable, deberá recaer en el plazo de quince días y tendrá naturaleza ejecutiva.

4. El Presidente de la Entidad Local y el Pleno, a través del citado Presidente, previamente a la resolución de las discrepancias, podrán elevar resolución de las discrepancias al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

A tales efectos, el Presidente remitirá propuesta motivada de resolución de la discrepancia directamente a la Intervención General de la Administración del Estado o al órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, concretando el extremo o extremos acerca de los que solicita valoración. Junto a la discrepancia deberá remitirse el expediente completo. Cuando el Presidente o el Pleno hagan uso de esta facultad deberán comunicarlo al órgano interventor y demás partes interesadas.

La Intervención General de la Administración del Estado o el órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, sin perjuicio de su facultad para recabar los informes o dictámenes que sean necesarios a efectos de emitir informe, deberán informar sobre las cuestiones planteadas en el plazo de un mes desde la solicitud por parte del Presidente siempre que se cuente con el expediente completo. Este plazo se interrumpirá en el caso de que sea necesario solicitar aclaraciones o informes para la resolución de la discrepancia.

Cuando las resoluciones y acuerdos adoptados por la Entidad Local sean contrarios al sentido del informe del órgano interventor o al del órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera, se incluirán en los informes referidos en los apartados 6 y 7 de este artículo.(...)"

ADVIRTO POR ESCRITO:

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea considera a contratación verbal como a infracción máis grave do dereito comunitario (Sentenza do 11 de xaneiro de 2005 (Stad Ache):

*"37 En efecto, el citado planteamiento tendría como resultado convertir la aplicación de las normas comunitarias pertinentes en facultativa, según la voluntad de cada entidad adjudicadora, cuando, por el contrario, dicha aplicación es obligatoria si se cumplen los requisitos previstos en estas normas. **Una facultad de este tipo podría provocar la infracción más grave del Derecho comunitario en materia de contratos públicos por parte de una entidad adjudicadora.** Disminuiría sensiblemente la tutela judicial eficaz y rápida que desea la Directiva 89/665 y perjudicaría a los objetivos perseguidos por la Directiva 92/50, a saber, la **libre circulación de los servicios y que en esta materia exista una competencia abierta y no falseada en todos los Estados miembros**"*

Tal e como establece o art.103 da Constitución, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa dacordo con os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito. Así pois, as autoridades e o persoal ao servizo da mesma están obrigados ao debido respecto da normativa de aplicación nos diversos ámbitos de actuación dentro das competencias públicas.

Visto o decreto da Alcaldía núm. 954/2024 do 06.08.2024 (CVD: 9YM5bZp16Q1mBjtSkJ9) no que se levantan os reparos suspensivos formulados pola Intervención municipal no seu **INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR CONTRATO ROCK IN CAMBRE. FASE D /2024** o día 05.08.2024 (CVD: V+wtpHMXfb1Umo6Sgmv4), no que entre outras cousas di:

"Visto que o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación establece na cláusula 10.2.2 respecto da solvencia técnica da que deben dispor o licitadores: "Se considerarán servicios de igual o similar naturaleza, a efectos de acreditación del importe anterior, y de conformidad con lo establecido en el art. 90.1.a) de la LCSP, aquellos

cuyos tres primeros dígitos de los códigos CPV sean "799", y vengan referidos a la organización de festivales o actuaciones artísticas".

Visto que o licitador mellor valorado do lote 2, "Telecyl S.A." aporta entre outros:

- Un certificado de prestación de servizos do Instituto Tecnológico Agrario da Xunta de Castela e León no que se acredita a realización dun evento no ano 2023 con código CPV 79952000-2, cun importe de 301.450,00 euros, incluído IVE 364.754,50 euros.
- Un certificado de prestación de servizos da Secretaría de Estado de digitalización e intelixencia artificial no que se acredita a realización do "Servicio de organización del evento 20 aniversario Red.es" do ano 2022 por importe de 52.450 euros, no que segundo a descripción aportada polo licitador inclúe entre outras actividades a montaxe e desmontaxe das infraestructuras necesarias, equipamento audiovisual e actuación musical.
- Un certificado de prestación de servizos del Ayuntamiento de Valladolid no que se acredita a realización dos "Servicios de gestión, producción y difusión online de eventos y contenidos audiovisuales para las 67ª y 68ª ediciones de SEMINCI (festival Internacional de Cine de Valladolid)" no ano 2022 por importe de 140.293,45 euros IVE incluído.

Visto que non resulta posible compartir o criterio do técnico informante acerca da ausencia de xustificación da solvencia técnica da empresa mellor valorada no lote 2, cando esta acredita a prestación dun evento no ano 2023 cun código CPV 79952000-2, coincidente a nivel de 3 díxitos cos códigos da CPV, tal e como se esixía no PCAP e de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da LCSP, cun importe de 301.450,00 euros, incluído IVE 364.754,50 euros, cantidade moi superior ao 70% do valor estimado do contrato preciso para acreditar a solvencia técnica, achegando igualmente un certificado de prestación de servizos do Ayuntamiento de Valladolid no que se acredita a realización dos "Servicios de gestión, producción y difusión online de eventos y contenidos audiovisuales para las 67ª y 68ª ediciones de SEMINCI (festival Internacional de Cine de Valladolid)" no ano 2022, por importe de 140.293,45 euros IVE incluído, onde se recollen traballos de coordinación xeral de todos os servizos de produción, grabación de actos e eventos de canal SEMINCI, servizo de produción, realización e retransmisión de eventos, servizos técnicos de son, iluminación, streaming, así como subministro do equipamento audiovisual e de televisión necesarios para a súa execución bastando, por outra banda, con acceder á PLACSP para verificar a adjudicación de contratacións nas que se inclúen prestacións de similares características ás que son obxecto da presente contratación á empresa proposta como adjudicataria:

| Denominación | Data | Importe | Referencia | CPV |
|--|------------|------------|---|---|
| Servicio de apoyo técnico para la organización y el desarrollo de las actuaciones para el XI Concurso Internacional «Premios Cincho». La ejecución del presente contrato se realizará de conformidad con el Pliego de Prescripciones Técnicas. | 17/04/2024 | 188.000,00 | Instituto Tecnológico Agrario de Castilla y León https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=nblgpdHge6O7JOCXkOhcDg%3D%3D | 79952000-Servicios de eventos 92331100-Servicios de ferias |
| Organización Y Gestión De Evento Corporativo Primavera 2024 | 12/03/2024 | 82.000,00 | Aena. Dirección de Contratación https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=sFBZgHe2UVGP%2Bo96UAV7cQ%3D%3D | 79952000-Servicios de eventos |
| Contrato de servicios para adecuación de espacios y dotación de equipamientos en evento posterior a la gala de los PREMIOS GOYA 2024 en Valladolid | 09/12/2023 | 195.000,00 | Consejo de Administración de la Sociedad Mixta para la Promoción del Turismo de Valladolid, S.L https://contrataciondelestado.es/ | 79954000-Servicios de organización de fiestas 79950000-Servicios de organización de exposiciones, ferias y congresos |

| | | | | |
|--|------------|------------|---|--|
| | | | wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=uPVSKcM0vFKGCFcHcNGIIQ%3D%3D | |
| Servicios del Evento 17 ENISE | 02/06/2023 | 697.050,00 | Dirección General del Instituto Nacional de Ciberseguridad de España, S.A. (INCIBE) https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=XJS%2Buief9rS9Hd5zqvq9cg%3D%3D | 79950000-Servicios de organización de exposiciones, ferias y congresos |
| Servicios necesarios para la celebración de la Conferencia Ministerial y la reunión de los Directores Generales de Formación Profesional (DGVF), en el marco de la Presidencia española del Consejo de la Unión Europea. | 13/06/2023 | 292.868,89 | Junta de Contratación del Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=Hwtu0RUywZAadbH3CysQuQ%3D%3D | 79950000-Servicios de organización de exposiciones, ferias y congresos |
| Servicios y suministros auxiliares necesarios para el desarrollo de XVIII Concurso Nacional de Pinchos y Tapas Ciudad de Valladolid, y del VI Campeonato Mundial de Tapas Ciudad de Valladolid 2022 | 14/07/2022 | 250.000,00 | Consejo de Administración de la Sociedad Mixta para la Promoción del Turismo de Valladolid, S.L. https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=aXAo49bvwyp7h85%2Fpmmsfw%3D%3D | 79950000-Servicios de organización de exposiciones, ferias y congresos 32321300-Materiales audiovisuales 50300000-Servicios de reparación, mantenimiento y servicios asociados relacionados con ordenadores personales, equipo de oficina, telecomunicaciones y equipo audiovisual 79952000-Servicios de eventos. |

Visto o informe emitido polo secretario accidental o día 05.08.2024 (CVD: I10b60c0f5pZ/w6UE54p) no que, entre outras cousas, di:

"De acordo co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato, por atoparnos ante un contrato de servizos cun valor estimado de licitación superior a 100.000,00 euros, de conformidade co establecido no artigo 44 da LCSP, será susceptible de recurso potestativo especial en materia de contratación conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da LCSP.

Por tanto o prazo para a formalización do contrato é de 15 días a partir da adxudicación.

O obxecto do presente expediente non se atopa entre as excepcións sinaladas polo cal non podería procederse á execución do contrato con carácter previo á súa formalización.

CONCLUSIÓN: *En vista do exposto, infórmase desfavorablemente a adxudicación da contratación artística e produción do XXXII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2024 (expediente TEdC 2024/C004/000010)."*

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR CONTRATO ROCK IN CAMBRE. FASE D /2024**, que nas súas conclusións dí:

Fiscalizado desfavorablemente CON efectos suspensivos por aplicación do artigo 216.2.c TRLFL (omisión de requisitos e trámites esenciais):

X*.A: *tal e como advertín no meu informe referencia LMR CONTRATO ROCK IN CAMBRE. FASE D /2024, de 13.06.2024 (CVD: dfVrZI5YG+X4+g8AcaSs), os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato.*

X*.C: *incumprimento do artigo 35.1.c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Mesa de Contratación na sesión celebrada o 05.07.2024 non aprobou, por tres votos en contra, a proposta de adxudicación dos Lotes 1 e 2 do contrato de «Contratación artística e produción do XXXII Festival Rock in Cambre 2024». De feito, a iniciativa para o requerimento de documentación aos licitadores partiu única e exclusivamente da Sra. Alcaldesa (CVD: 3aGMNonAfrxb3x++Nnoo (ALBOROTO PRODUCCIONES SL), CVD: slrS6IGj9tYNWPmXYLcj (TELECYL S.A). Se ben ao abeiro do art. 80.1 da Lei 39/2015 o ditame emitido pola mesa de contratación non é vinculante, o art. 35.1.c) do mesmo texto legal exige ao órgano de contratación que motive os actos que se separen do ditame de órganos consultivos. No expediente que se somete a fiscalización NON consta motivación algunha ao respecto polo que estase a vulnerar o artigo 35.1.c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

X*.D: *incumprimento dos artigos 36, 37 e 153 da LCSP. O expediente que se somete a fiscalización refírese a un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigo 44 LCSP) polo tanto, ao abeiro do artigo 153.3 LCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. A cláusula 9 PCA (CVD: SC1Kl6crpOqn7Z1epbH9) define como prazo de execución o Sábado 10 de agosto de 2024 data na que, obviamente pola existencia do artigo 153.3 LCSP, o contrato non vai a estar formalizado. A falta de formalización do contrato implica, ademais, a vulneración do artigo 36 LCSP e, polo tanto, do artigo 37.1 LCSP o cal establece o carácter formal da contratación pública así como a prohibición da contratación verbal.*

(...)

Vista que non resulta posible compartir os reparos formulados na FASE A desta contratación, ao considerarse que si aparecen xustificadas no expediente aspectos como a duración do contrato, a extensión das necesidades que pretenden satisfacerse, a forma de determinación do prezo ou mesmo a determinación de criterios de adxudicación, resultando igualmente imposibilidade solventar os reparos realizados na devandita fase, tanto pola ausencia de persoal que se está a sufrir na actualidade particularmente na área de contratación, así como polos tempos de tramitación que se están a producir nas contratacións, cuestións que farían perigrar a posibilidade de adxudicación desta contratación e a conseqüente celebración do Rock in Cambre nas datas en que este evento vense anunciando, cuns importantes prexuízos para os intereses xerais e do Concello. O contido dos pregos é suficientemente detallado e concreto para que todos os licitadores puideran coñecer coa súa lectura o alcance das prestacións que se pretenden contratar e todas as obrigas e dereitos que do contrato poden derivarse (Resolución do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Junta de Andalucía 115/2017, do 31 de maio; Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais 677/2016, do 9 de setembro). No expediente xustificárase adecuadamente, de conformidade co artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público a elección do procedemento de licitación, a clasificación que se esixa aos participantes, os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución deste, o valor estimado do contrato, cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluídos sempre os custos laborais, de existiren, as necesidades da Administración á cal se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes e a súa relación co obxecto do contrato, que é directa, clara e proporcional, o informe de insuficiencia de medios e a decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, de ser o caso.

Visto que a proposta de adxudicación a favor das empresas cuxas ofertas recibiron as maiores puntuacións en cada un dos lotes integrantes desta contratación non resultou aprobada pola Mesa de Contratación, na súa sesión celebrada o día

05.07.2024, por tres votos en contra, emitidos por tres das vocais, fundamentándose estes votos respectivamente no Informe Intervención Referencia LMR Contrato Rock In Cambre. Fase A /2024, de data 13 de xuño de 2024 (CVD: dfVrZl5YG+X4+g8AcaSs) e no Informe desfavorable do prego de cláusulas administrativas particulares de 7 de xuño de 2024 (CVD: 3pAwj83Z9+qjmwXNv71m), resulta preciso, en defensa dos intereses xerais e do principio de eficacia, apartarse desta consideración. Os PCAP constitúen a lei do contrato administrativo. Este principio xeral do prego como lei do contrato recóllese no apartado 4 do artigo 122 da LCSP que establece que: "Os contratos axustaranse ao contido dos pregos particulares cuxas cláusulas considéranse parte integrante dos mesmos". Como lei do contrato, o prego de cláusulas vincula tanto á Administración coma aos licitadores e ao contratante. A vinculación con respecto ao poder adxudicador implica que o prego non pode ser modificado libremente. O artigo 122.1 precisa que os pregos antes da súa adxudicación "so poderán ser modificados con posterioridade por error material, de feito ou aritmético. Noutro caso, a modificación do prego conlevará a retroacción de actuacións" (a mesma limitación recolle para os PPT o artigo 124 in fine). O PCAP constitúe a lex contractus con forza vinculante entre as partes e só está limitado pola observancia das normas de dereito necesario, de modo que unha vez aprobados e non sendo impugnado o seu contido no momento oportuno para iso, os pregos non poderán ser modificados e, por tanto, salvo que existan vicios de nulidade de pleno dereito, o licitador (ou o contratista) e a entidade contratante, deberán pasar polo seu contido, aínda que o mesmo contraveña algún precepto legal ou regulamentario. En consecuencia, os pregos gozan de eficacia legal ata tal punto que a súa non impugnación valida os seus posibles vicios. Xa que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día dezaioito de xuño de dous mil vinte e catro, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar o prego de prescripción técnicas (CVD: 3L2doc9Oc8QR0YTOWsg2) e o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: SC1Kl6crpOqn7Z1epbH9), non sendo estes impugnados, non pode compartirse o acordo da Mesa que se fundamenta en cuestións previas para, unha vez aprobada a valoración das ofertas, de conformidade cos criterios recollidos no PCAP, así como o cálculo das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, outorgando unhas concretas puntuacións aos licitadores admitidos en ambos lotes de conformidade novamente co PCAP, da por terra coa consecvente proposta de adxudicación, invocando uns informes previos á aprobación dos pregos e levando, de seguirse co seu criterio, á necesidade de retrotraer as actuacións e iniciar, de facto, a tramitación dun novo expediente de contratación que comprometería seriamente a celebración da presente edición do Rock In Cambre. Basta cun simple análise do historial da presente contratación, iniciada o 19 de abril de 2024, hai mais de tres meses, cuns significativos lapsos de tempo na súa tramitación, acrecentados na fase de adxudicación, na que están a confluír a ausencia de medios persoais por motivos das vacacións estivais aos que se xuntan baixas laborais impredecibles, que ralentizan a emisión dos preceptivos informes e mesmo a realización de tarefas como o acceso a PLCSP, ferramenta fundamental para un normal desenvolvemento do procedemento, á que non existiu acceso entre o 22 de xullo e o 5 de agosto polas razóns indicadas, para decatarse da inviabilidade do relanzamento do procedemento.

Visto que a ausencia de formalización do contrato, de producirse, ven motivada por demoras acaecidas na tramitación do expediente de contratación, relacionadas coa ausencia de persoal debida a motivos impredecibles, como son as baixas laborais, ou, en última instancia, a demora rexistrada neste procedemento con relación á apreciación da solvencia técnica da adxudicataria do lote nº 2, o que fai materialmente imposible formalizar con anterioridade a data de celebración do Rock in Cambre o contrato respectando os 15 días hábiles previstos no artigo 153.3. da LCSP para os contratos susceptibles de recurso especial en materia de contratación, sin que sexa posible achacar tampouco a posible inobservancia deste prazo á unha decisión das empresas propostas como adxudicatarias, como pon de manifesto o feito de que estas atenderan aos requerimentos de documentación previa á formalización dentro dos prazos outorgados, sen que existan, por outra banda, tampouco indicios de que se tomara en ningún momento a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e desistir do procedemento de adxudicación por parte da Administración, tal e como establece o artigo 152.2 da LCSP, que requiriría, en todo caso, do acordo por parte do órgano de contratación antes da formalización de desistir do mesmo.

Visto que nas datas contempladas nas prescripcións aplicables á esta contratación será preciso desplegar todas as prestacións contidas nos lotes 1 e 2 do contrato, según as especificacións aplicables aos mesmos e de conformidade coas oferta dos contratistas, xa que se trata de prestacións imprescindibles para que o Rock in Cambre poida desenvolverse, sendo a ausencia dalgunhas das prestacións contempladas e, aínda mais, a non adxudicación dalgún dos lotes, causa que imposibilitaría o normal desenvolvemento da actividade, levando a súa suspensión, cos consecuentes prexuízos económicos de toda índole que produciría para a Administración e para o interese xeral, existindo ademais precedentes de formalización dos contratos en aras do interese público con certa inobservancia neste prazo, como se pon de manifesto na resolución do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón, RE 024/2019.

Visto a falta de persoal no departamento de contratación, feito xa posto de manifesto de forma reiterada e motivante de diferentes procesos en curso dirixidos á paliar a situación acentuado, debido a unha baixa laboral imprevisible acaecida con



data 22.07.2024, que imposibilitou a continuidade do expediente, sen posibilidade de acceso á PLACSP dende a antedita data ata o día 5 de agosto de 2024”.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propono a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar válida a licitación admitindo nela a ALBOROTO PRODUCCIONES, S.L. (LOTE 1) e ALBOROTO PRODUCCIONES, S.L. e TELECYL, S.A. (lote 2).

Segundo: : Aprobar a valoración da única oferta presentada no lote 1 por ALBOROTO PRODUCCIONES, S.L. con 100 puntos. Isto, de conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación o día 05.07.2024

Terceiro: Aprobar a valoración das ofertas presentadas no lote 2 da que resulta a seguinte orde de clasificación:

| Licitador | Precio ofertado a la baja | Mejoras en la sonorización | | Puntuación total |
|-----------------------------|---------------------------|----------------------------|---------------------|------------------|
| | | Monitores suelo | Personal producción | |
| Alboroto Producciones, S.L. | 0,02 | 9,58 puntos | 41,42 puntos | 51,02 puntos |
| Telecycl, S.A. | 49 | 9,58 puntos | 41,42 puntos | 100 puntos |

Isto, de conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación o día 05.07.2024.

Cuarto: Adxudicar o **Lote 1 Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos** ao licitador **ALBOROTO PRODUCCIONES, S.L.** no prezo ofertado de 49.900,00 euros sen IVE (60.379,00 euros IVA incluído), por ser o único licitador que presentou oferta e cumprir esta co disposto no PCAP.

Quinto: Adxudicar o **Lote 2 Subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival** ao licitador **TECYL, S.L.**, no prezo ofertado de 56.945,00 € sen IVE, 68.903,45 € (IVE incluído), e cunhas melloras na sonorización de 4 monitores de chan a maiores dos 6 esixidos e 4 técnicos a maiores do persoal esixido, por ser a oferta mellor valorada e cumprir esta co disposto no PCAP.

Sexto: Designar responsable deste contrato ao coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude, José Luís Martínez Názara, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada. Isto, de conformidade coa cláusula 19 do PCAP.

Sétimo: Notificar os presentes acordos aos adxudicatarios, publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), facéndolle saber que, contra os mesmos, cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no artigo 44, apartados 1.a) e 2.c) da LCSP e cláusula 37.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles (artigo 50 LCSP), a partir do día seguinte a aquel en que se notificou esta de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da LCSP, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento



administrativo común das Administracións Públicas e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>.

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "pola que se establecen os formularios normalizados que se van a empregar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público" (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica https://tacgal.xunta.gal/procedementos_e.html. En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interpoñer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados, e poderán estar incluídas, entre elas, as destinadas a suspender ou a facer que se suspenda o procedemento de adxudicación do contrato en cuestión ou a execución de calquera decisión adoptada polos órganos de contratación.

A tramitación as medidas provisionais substanciaranse conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese ao responsable do contrato e á Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos".

En primeiro lugar, a presidenta realiza unha somera xustificación das razóns pola que se debe proceder á adxudicación do contrato a pesar dos informes en contra de secretaría e intervención.

A continuación o secretario accidental pide a palabra para advertir da existencia da proposta da mesa de contratación no sentido de que non se adxudique o contrato polas razóns que obran no expediente administrativo.

O concelleiro don Juan González Leirós indica que se tramitou o oportuno expediente de contratación e que a proposta está motivada.

A presidenta indica que o acordo da mesa de contratación non é vinculante e a proposta que se somete a esta Xunta de Goberno Local está motivada.

A interventora municipal solicita a palabra e a continuación manifesta que o motivo do seu voto en contra da proposta da adxudicación do contrato foi que no seu momento se fixeron as advertencias oportunas sobre as deficiencias existentes no prego de cláusulas administrativas particulares polo cal sería incongruente ter votado a favor.



Finalmente, intervéñ don Juan González Leirós para indicar que en todo caso o prego está aprobado e non foi obxecto de ningún recurso.

Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 6 de agosto de 2024 (CVD: 7RGa2gyqv1nu8kWNF2yu) resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Maria Dolores Pan Lesta

O secretario accidental

Fernando Manuel Garrido Negreira